

# FESTA DOS MOZOS

na honra da

*VIRXE DO CARME*



**Beluso**

*Días 21 e 22 de agosto*  
de **1999**

## Saúdo dos Mozos

Xa volve a *Festa dos Mozos*. Doutra volta, a *Mocidade* de Beluso afronta a organización dunha festa que, pouco a pouco, recupera a tradición festeira da nosa parroquia e volve contar coas simpatías e apoios doutros tempos. As ilusións que desde un principio puxemos na *Festa* do ano pasado, compensaron con creces o esforzo continuo que levamos ao longo dos anteriores 9 meses: un día completo de festa no que as actuacións de *Chouteira e América SL* fixeron disfrutar *a tope* a todo o público, e no que a recuperación da *Procesión* e os *Vivas* concentraron a un gran número de veciños de Beluso, participando na rúa de todos os actos que organizamos.

Os obxectivos deste ano son os de que veña máis xente aínda, aumentando os días de festa (este ano xa son dous) e traendo a Beluso aos grupos de música máis importantes que os cartos poden dar. Queremos que aquí toquen grupos de todas as tendencias musicais, e neste se basa a oferta deste ano. No primeiro día actuarán *Fiandola* (Santiago de Compostela) e *Os Carunchos* (Vigo), como representantes da música folq, e a banda de roncanrol madrileña *La Cabra Mecánica*. O segundo día teremos á *Orquestra Máster* (Pontevedra) e ao grupo de música popular *Os Cempés* (Ferrol). Na *Festa* do 98 xa recuperamos os antigos *Vivas* e, seguindo coa intención de incorporar outras manifestacións tradicionais da cultura popular galega, decidemos traer a un par de *regueifeiros* (Luís o *Caruncho* e *Pinto de Herbón*): manterán unha conversa na que se *picarán* o un co outro, da mesma maneira en que se meterán coa xente do público, buscando ese ambiente de compadreo e veciñanza sana que antigamente había nas festas. Pero si hai unha cousa que, e xa desde este ano, queremos recuperar dunha vez para sempre: a participación masiva de todos os *Mozos* de Beluso. Que esta festa sexa verdadeiramente da *Mocidade* da parroquia: mozos que pidan polas casas, que poñan lazos e que participen na organización dos concertos e que elaboren o programa da *Festa*. Que a *Festa dos Mozos* sexa xa a *Festa de Todos os Mozos*. O empurrón de inicio démolo, hai xa dous anos, os membros da *Asociación Xuvenil Mozos e Mozos de Beluso*, poñendo todas as nosas ilusións e esforzos en facer un bó traballo. Na *Festa* tratamos de poñer en práctica o proxecto co que nacemos: recuperar unha cultura popular cáseque esquencida, tratando de aprender e ensinar o traballo en común e procurando que non se perda esa amizade entre os veciños *por non falar*. Queremos recuperar a solidariedade parroquial que foi característica de todos os habitantes de Beluso, e que ten os

seu máximo expoñente na *Casa do Pobo* que entre todos construíron (construímos) no 1934. Sempre é difícil expresar total e claramente o que se quere dicir, neste caso, e como coincidimos plenamente co que eles dín, imos facer noso un fragmento do Manifesto dos *Sem Terra* (Brasil).

*“Creemos em uma escola que acorde os sonhos da nossa juventude, que cultive a solidariedade, a esperança e o desejo de aprender, ensinar e transformar o mundo”.*




## Agradecementos

Xa para rematar, queremos dar un por un as gracias a toda a xente que nos prestou a súa axuda e que, sen dúbida ningunha, fixo posíbel que esta Festa saia tan ben como está a saír:

A toda a **xente de Beluso** que nos deu os seus cartos e a súa confianza, permitíndonos realizar este proxecto de Festa na que se conxugan o tradicional e o novo. Ás **Mozas e Mozos de Beluso** de todas as idades, porque para fillos, pais e avós van os dous días de *Esmorgha*. A **Victor M. Cabaleiro, Leiro**, por todo, que non é pouco. A **Xavi Castro**, por ensinarnos a botar cola aos cartaces sen quedar pegados a eles. A xente do **Aturuxo: Ghomes, Ramón e Manolo**, por vender as camisetas e deixarnos todo o que nos fixo falla, igualmente que fixeron **Álex, Chino e Juani** (os do *Zappa*). Ao **Colectivo Rebolo**, polo apoio constante e por compartir as nosas angueiras culturais e musicais. No mesmo sentido, á **Asociación Socio-Cultural e Deportiva de Meiro** por deixarnos beber da experiencia atesourada co *Rural Rock*. Á **A.V.V. O Progreso** por termos animado e por estar para nós en todo momento. A **Xulio Cordeiro**, o de *Chouteira*, e a toda a **organización do Herba e Son** de Liméns, por ensinarnos. Ao **Coro de Beluso** por ensaiar para nós. A **Finita** e a **Severo** por deixarnos a finca para a *xogo da Chave*. A **Chelo García** e a **Xavi Framil**, por evitar sempre que o vento nos viñese de costado. Para **Silvia a de Soutelo** (non nos lembramos do apelido) polo ánimo e por ser tan simpática. A **Luis o Caruncho** e a **Pinto de Herbón**, por aguantar o noso asalto no *Café do Real* (Moaña) e darnos todas as facilidades. A **Manolo**, por vir co grupo co baile e co bombo. A **Toñito Parcero**, pola orquestra. Ás **Mocidades de Beluso, Bueu e Cella**, por encher a Festa e por cantar os *Vivas* connosco. Ás **familias de todos nós**. Ao **Goberno Municipal**, ao que foi e ao que é, por estar aí. Tamén A **Marino**, "*por Compañeiro*". A **Edelmiro** por vir connosco a pedir a Meiro. A **Pichurri** polo cacho que perdeu de madeira por nós. A todos eses **grupos folk**, as **palilleiras**, os do **teatro**, a **Raquel** (a bibliotecaria), etc. etc., pola súa axuda desinteresada. A **X. L. Álvarez Riobó** e a **Copimeu**, sen os cales estes libros serían fotocopias. A **Manolo** e a **Gharita** polas badaladas; e a un sinfín de persoas máis: **Alborada**, ós **homes dos tractores**, a **Iago** e **Alexandra** por abraiamos cos seus traxes, ós **nenos das comuñóns** e a **Dora** por preparalos, a **Malita** por adornar a *Virxe*, a **Santos** e a **Tomás** polo *chiringuito* e a **Sita** polos lazos. A **Guillermo Martínez** pola horas

empleadas no cartaz. Tamen a **Carmen Menduíña** e a **Carlos Pintos** polas súas pinceladas e a **tódolos establecementos** que se anuncian neste libro. Cáseque para rematar, o agradecemento máis especial **para todos aqueles que se nos esquenceron**, que saiban que sí, que nos lembramos deles. Todos nos aguantaron nos bos e nos malos momentos pasados nestes dous intensos anos de recuperación da *Festa dos Mozos*, desexando que estas colaboracións e a simpatía que nos mostran sigan aumentando cos anos. **A nós mesmos** porque sí, porque sí e máis porque tamén.

Finalmente, a todos os que antes foron *Mozos* e nos abriron os camiños, recollendo o seu espírito e ganas de divertirse. Eles tamén sabían que a *Festa* non morre se un non quere.



# ALGUNHAS NOVAS DOS EMIGRANTES DE BELUSO E BUEU NAS AMÉRICAS

José R. Álvarez Pérez, Anguiám.

## INDICE

### Presentación

#### Capítulo 1. Unha escola para o concello de Bueu: a principal angueira dos seus emigra

1.1.0 legado de Esteban Antonio del Río.

1.2.0 legado do Sr. Freire.

1.3.0 legado de Francisco Nogueira Fraguas.

#### Capítulo 2. As Sociedades de emigrados de Bueu en América.

2.1. *Hijos de Bueu en América (Argentina).*

1. Fundación.

2. Obxectivos e Funcións.

3. Actividades realizadas pola Sociedade.

4. O fin das actividades de Hijos de Bueu en América.

2.2. *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos (Estados Unidos).*

1. Fundación.

2. Obxectivos e Funcións.

3. Actividades realizadas pola Sociedade.

4. Xente de Beluso que participou de xeito importante na Unión Cultural.

5. Disolución e remate das actividades societarias.

### Bibliografía e Fontes

*Xornais e publicacións periódicas.*

*Fontes impresas inéditas*

*Fontes manuscritas inéditas.*

*Arquivos.*

*Bibliografía xeral e específica.*

## Presentación

No libro que o ano pasado presentabamos, contabamos como se celebraba antigamente a *Festa dos Mozos*, facendo un percorrido polos tres días de festa que a Mocidade de Beluso organizou en 1922.

Este ano imos, a seguir contando os contos e sucesos do Beluso de hai tempos. Vamos facer Historia, pero desa que non sae nos libros de texto da *ESO* ou do Instituto, a que segue recollida na memoria dos nosos avós e nos baús esquencidos do faiado. Hoxe toca falar da emigración.

Todos sabemos algo deste tema: a onde ían os emigrantes; como collían o barco en Vigo, a Coruña ou Marín para ir ás Américas a gañar os cartos; e que a maioría volvía cos bolsillos tan *limpos* coma marchou. Pero ¿que pasa con Beluso, Cela e Bueu?, ¿a donde foron, que fixeron e trouxeron os que alá marcharon?. Estas preguntas son as que, modestamente, tentaremos responder aquí.

Nunha primeira parte do traballo, presentamos tres exemplos de emigrantes de Bueu en América. Cales eran as preocupacións que, cara os seus veciños de Bueu, tiñan uns indianos que marcharon entre finais do XIX e os primeiros vinte anos deste século.

En segundo lugar, e dun xeito máis extenso, falaremos da organización e actividades das sociedades que os emigrantes do concello fundaron no *Novo Mundo*.

O principal obxectivo, tanto dos emigrantes do XIX coma das sociedades de emigrantes do XX, foi o de fundar e construír unha escola en calquera das tres parroquias do concello de Bueu. Aquífalaremos deses intentos, dos moitos fracasos e dos poucos logros.

### **Capítulo 1. Unha escola para o concello de Bueu: a principal angueira dos seus emigrados.**

A educación do século XIX e de principios deste, non era a mesma que a que hoxe en día disfrutamos. Había poucas escolas no concello, e os mestres non dispuñan dos medios necesarios para dar as súas clases en boas condicións. Na mesma liña, os alumnos tampouco acudían ás clases: ben por ter que ir a traballar, ou porque preferían estar na praia roubando no peixe que os aparellos traían a

terra.

A construción dunha escola no municipio, foi o principal obxectivo destes emigrantes que de Bueu foron a América. Pretendían proporcionar un ensino que eles non tiveron, querendo evitarlle ás futuras xeracións de emigrantes de aquí as penurias que eles pasaron, ofrecendo: ensino de oficios (canteiro, vidreiro, ferreiro...) e unha formación intelectual que lles permitise acceder a mellores postos de traballo, tratando de combater o analfabetismo que eles sufriron. Como dixemos, a construción desta escola foi un obxectivo tanto das sociedades de emigrantes como dos emigrantes individuais. E vai ser destes últimos dos que vamos a trata a continuación.

Desde o derradeiro tercio do século XIX, coñecemos alomenos tres iniciativas de emigrantes que, a xeito individual, tentaron construír o tan ansiado centro de ensino en Bueu.

### *1.1. O legado de Esteban Antonio del Río.*

A de Esteban A. del Río, foi a primeira tentativa que coñecemos coa clara intención de construír unha escola no municipio. Del Río, natural da parroquia de Bueu, foi emigrante na Argentina. Desenvolveu unha intensa vida comercial naquela República, o que lle proporcionou unha posición social e económica de certa relevancia. Morreu na mesma Argentina en 1831, e non seu testamento legou unha importante cantidade de diñeiro para a construción e mantemento dunha escola de primeiras letras na súa parroquia de orixe. Nese mesmo documento testamental tamén se observaba a intención de establecer un posto de médico para a asistencia da freguesía e "*(...) una capellanía eclesiástica con la obligación de decir una misa rezada todos los días festivos y de misa.*"

Os primeiros pasos que as autoridades van dar no cumprimento deste testamento, van tardar cáseque 40 anos. Descoñecemos as causas deste retraso, aínda que cecais se debese a problemas burocráticos ou á proverbial lentitude da Administración Pública. O que sí sabemos é que, en 1869, o Gobernador Civil da provincia solicitaba ao alcalde de Bueu que averiguase -preguntándolle aos correspondentes párrocos- a que freguesía pertencía o finado; debendo adxuntar no seu informe, a partida de bautismo correspondente, e así poder realizar o que del Río mandou no testamento. Finalmente, o proxecto nunca se chegou a realizar, debido a que unha baixa do valor da moeda arxentina fixo inviable a construción

da escola.

### 1.2. O legado do Sr.Freire.

No ano 1870, inicianse as dilixencias administrativas necesarias en relación a outra cesión testamentaria dun emigrante do concello.

A *Inspección de Primeiro Ensino* de Pontevedra, solicita do municipio información acerca dun descoñecido veciño do lugar de Meiro apelidado Freire. A *Inspección* sabía da existencia dunha copia do testamento na Secretaria municipal, e na que o finado (non se sabe se falecido en Montevideo ou en Buenos Aires) establece a fundación dunha escola de primeiro ensino en Meiro, co produto dos bens que o testador deixara no lugar. A escola nunca se fundou, non sabéndose máis nada dos cartos destinados a tal efecto. Precisamente, a desaparición dos cartos deste legado foi o que suscitou o interese da *Inspección de Primeiro Ensino*.

### 1.3. O legado de Francisco Nogueira Fraguas.

Francisco Nogueira Fraguas naceu na vila de Bueu no ano 1850. Xa de novo emigrou a Buenos Aires, donde fixo unha considerable fortuna coas súas actividades comerciais. Morreu na Argentina, e no seu testamento (1924) legou cartos e terras por un valor de 72.000 pesetas para a construción dun centro de ensino.

O seu proxecto de escola foi o máis importante de cantos en Bueu se afrontaron con diñeiro da emigración. Non só era o máis ambicioso dende un punto de vista económico, senón polo proxecto educativo que constituía: unha centro de ensino profesional o que lle puxo o nome da súa nai, Escola de Artes e Oficios *Manuela Fraguas*.

O proxecto morreu ante a desidia das autoridades e a desaparición dos cartos do legado. Aínda que dende un principio, a cantidade doada foi considerada como insuficiente para a construción e mantemento da escola, as diferentes sociedades de emigrantes de Bueu solicitaron a incorporación dos cartos ás súas idénticas pretensións de construír unha escola no municipio.

O proxecto da Escola de Artes e Oficios *Manuel Fraguas*, todavía era un problema latente para a primeira administración municipal franquista, dando os

seus últimos coletazos burocráticos na década dos 40, antes de morrer no esquecemento.

## **Capítulo 2. As Sociedades de Emigrados de Bueu en América.**

Estas sociedades de emigrados, por norma xeral, levaban o título de sociedades de instrucción, xa que o seu principal obxectivo era o de fomentar a educación no lugar de orixe dos seus socios. Sabemos da existencia de alomenos tres destas sociedades de instrucción no concello de Bueu.

Da primeira, fundada na illa de Cuba a principios deste século, apenas sabemos nada. Por contra, si temos máis datos das outras dúas: *Hijos de Bueu en América*, fundada en Buenos Aires en 1923; e *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos*, constituída en New York no 1929.

Debido á pouca información atopada sobre a sociedade de emigrantes cubana, vamos centrar esta investigación nas dúas últimas que, por outra banda, foron as que maior importancia tiveron.

Do que máis imos falar neste estudio é das iniciativas educativas destas sociedades de emigrantes alén mar: recadando cartos para a construción de escolas e elaborando programas de estudos, subsanando as poucas preocupacións que os Gobiernos daquel tempo tiña pola educación no mundo rural.

### *2.1. Hijos de Bueu en América (Argentina).*

#### 1. Fundación.

*Hijos de Bueu en América* fúndase na cidade de Buenos Aires, o 11 de novembro de 1923 (festividade de San Martiño, patrón da vila de Bueu). Vai ser a sociedade máis lonxeva de todas as fundadas polos emigrantes do concello (a documentación que posuímos informa de actividades realizadas en 1968). A iniciativa de fundación parte de 33 veciños de Bueu, residentes todos na cidade de Buenos Aires, e que van a conformar o primeiro grupo dos socios fundadores. Non sabemos de todos estes primeiros asociados, pero si podemos dar datos biográficos acerca de tres deles:

**Manuel Rodríguez.** Nacido na parroquia de Cela. Presidente da Comisión



Organizadora e de Propaganda da sociedade, e primeiro Presidente da mesma cando esta se constitúe oficialmente. Non temos moitas máis referencias acerca del, mais sí sabemos que en 1913, por unha información aparecida no *El Adelanto de Bueu*, era considerado coma un acaudalado negociante residente na Argentina.

**Francisco Miranda.** Foi Vocal Suplente na primeira Directiva da sociedade. En 1931 xa estaba de volta en Bueu, presentándose como candidato republicano ás eleccións municipais do 14 abril dese mesmo ano.

**Manuel Entenza Avilleira.** Naceu na parroquia de Cela, o 17 de agosto de 1883. En 1895, cando contaba con 12 anos de idade, emigrou á Argentina, onde traballou como recadeiro da *Casa Bernasconi*. Nos anos seguintes experimentou unha certa prosperidade económica, reunindo uns aforros que lle posibilitaron afrontar o traspaso dun almacén en 1930, na cantidade de 50.000 pesos. Participou da primeira Directiva de *Hijos de Bueu en América*, sendo un dos 3 Revisores de Contas. Pero a súa experiencia asociativa non se reduce a esta sociedade, xa que foi Secretario -e posteriormente Presidente- do *Centro de Almaceneros* de Buenos Aires, unha das asociacións máis importantes e influentes da capital argentina. Faleceu no ano 1964.

## 2. Obxectivos e Funcións.

*Hijos de Bueu en América*, ten coma obxectivos primordiais o fomento do progreso -tanto intelectual coma económico-, incidindo de xeito especial na xeralización do espírito de asociación entre os veciños de Bueu (e incluso doutros lugares e nacionalidades) que residan en América. Neste senso, non se diferencia do resto de asociacións de emigrantes que existen no continente americano: definíndose coma unha sociedade de fomento da instrucción, cultura, recreo e a axuda mútua entre os seus socios.

## 3. Actividades realizadas pola Sociedade

### *Instrucción e Cultura.*

O principal obxectivo educativo desta sociedade vai ser a construción dunha escola de ensino primario no concello de Bueu, sustentada economicamente polos

fondos dos emigrantes.

As clases que se pretenden impartir nesta futura escola van estar centradas na preparación dos estudantes de Bueu para a emigración: xeografía, historia e literatura arxentinas. A intención é que o emigrante que vaia a Buenos Aires non chegue totalmente desorientado, como lles pasou a eles mesmos; e que os capataces que teñan non se aproveiten da súa falta de formación.

Nas bases estatutarias, estipulouse a creación dun servizo de biblioteca e dun salón de lectura gratuito para o disfrute dos socios e dos seus fillos. Estas dependencias estarán dotadas dos principais xornais e revistas españolas e americanas.

### *Recreo.*

Programaban e realizaban veladas de tipo científico, literario e teatral, xunto con festivais musicais e excursións. Moitas destas actividades organizábanse para recadar cartos para a escola proxectada, e que logo se mandarían a Bueu.

### *Festas.*

Van ser moitas as festas organizadas por *Hijos de Bueu en América*, pero de entre todas elas, a do *San Martiño* (11 de novembro) é a máis importante. Queren que a festa sexa coma en Bueu, fundamentalmente centrada na celebración dun *Xantar* tradicional: con menú a base de viño do país, cocido e polbo. Ao rematar de comer, habería música de gaitas e unha orquestra para animar á xente a bailar. Coa celebración do *San Martiño*, a Sociedade trata de fomentar o compañerismo e unión dos emigrados de Bueu en América, e a falta de algún socio á festa será interpretada coma unha grave ofensa.

### *Homenaxes.*

*Hijos de Bueu en América* organizou e colaborou en moitas homenaxes, pero sen dúbida ningunha, a súa participación na homenaxe que en Bueu se lle fixo a Matilde Bares foi a máis importante.

En 1931, o goberno municipal iniciou as xestións para facerlle unha homenaxe á mestra local Matilde Bares Giráldez, en honor a toda unha vida adicada á educación dos habitantes de Bueu. Sabedora desta iniciativa, a Directiva da sociedade americana sumouse ao proxecto, propondo o nome da mestra para dar título a unha das rúas da vila e ofrecéndose a custear os gastos dunha placa de mármore.

A homenaxe levouse a cabo, e actualmente aínda podemos ver a placa conmemorativa na fachada da que en tempos foi a casa de Matilde Bares (na rúa de Eduardo Vincenti), como única testemuña dos desvelos de *Hijos de Bueu* polo seu municipio: *Los Hijos de Bueu en América a Matilde Bares. 11.11.1932.*

### **Mutualidade.**

Para cáseque todas as sociedades de emigrados, a axuda mútua constitúese nun dos seus obxectivos máis importantes e, neste sentido, *Hijos de Bueu* non vai ser unha excepción. A Sociedade aplicaba a súa axuda social en dúas formas:

1. Protección aos recién chegados que non teñan familia nen traballo na Argentina. do mesmo xeito, a Sociedade ten a obriga de buscarlles un emprego, auxiliándoos con pequenos préstamos para as súas principais necesidades, e que deberán devolver.

2. No caso de que algún socio este enfermo e deba regresar a Bueu, a sociedade correrá cos gastos da viaxe. Isto sucederá, cando estes afiliados non dispoñan de cartos para pagar o billete de volta (a Sociedade pagará o importe do billete e entregará 50 pesos en efectivo ao doente).

Naquela altura, os prezos das pasaxes dos barcos eran moi caros, co que a sociedade de emigrantes gastaba moito diñeiro. Para non ter que perder tantos cartos, a Directiva poñía en marcha diferentes ideas para conseguir os cartos: en 1933, dous emigrantes veciños de Bueu, solicitaron a axuda desta asociación para retomar; a Sociedade iniciou unha subscripción pública cos seus propios fondos, destinando a cantidade recadada ao pago da metade do billete, xa que a Directiva conseguíu do Consul español en Buenos Aires o pago das outras dúas medias pasaxes.

No caso en que a repatriación fose dun cadaver, a Sociedade establecía os mesmos procedimentos, facéndose tamén cargo dos custos. Se o socio falecido era soterrado na Argentina, a Directiva nomeaba unha Comisión para velar os restos, enviando unha coroa de flores e designando a un directivo para facer uso da palabra no momento da inhumación.

### **4. O Fin das actividades de Hijos de Bueu en América.**

Como xa queda dito, *Hijos de Bueu en América* inicia a súa andaina no ano 1923. Non foi unha asociación con moito peso no municipio de Bueu, e parece que

pronto abandonou o seu obxectivo de construír aquí unha escola. Apartires de 1932, as únicas actividades que parecen centrar a existencia da Sociedade, van ser a celebración do *xantar* e festa popular con motivo das festas de *San Martiño*. De feito, a última actividade que desta sociedade temos noticias foi a celebración desta festa relixiosa, en 1968.

## 2.2. *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos (Estados Unidos).*

### 1. Fundación.

Poucas son as sociedades de emigrantes establecidas nos Estados Unidos, e de entre elas, *Unión Cultural* de Bueu é a única representante da provincia de Pontevedra. A data da súa fundación oficial foi o 6 de xaneiro do ano 1929, pero un acto de fundación máis formal e solemne tivo lugar no *Centro Hispano-Americano* de New York, o 23 de marzo do mesmo ano.

A el acudiron os membros da Directiva, o presidente da Sociedade *Sada y sus Contornos*, o director da publicación *España Nueva* (New York), e toda unha serie de representantes da colectividade galega nos Estados Unidos. Ao carácter festivo do acto contribuíu a lectura da poesía *Airiños d'a miña terra*, feita pola socia fundadora Mercedes Garrido. Houbo, tamén, unha actuación de baile aldaluz, a cargo da nena-bailaora Camelia Ramírez *La Monterito*; rematando a velada cunha sesión de orquesta e baile.

### 2. Obxectivos e Funcións.

Como tantas outras sociedades de emigrantes, e o igual que *Hijos de Bueu* en Argentina, a *Unión Cultural* ten como obxectivo principal mellorar a educación dos habitantes do concello. Pretende o que eles chaman a *Humana Trilogía*: unión, instrucción e escolas. Orientándose tamén, cara as actividades de recreo e protección mútua que, do mesmo xeito, son comúns ao resto de sociedades de emigrantes.

### 3. Actividades realizadas pola Sociedade.

Moitas son as actividades e proxectos que a *Unión* de Bueu realiza ao longo da

súa existencia, centradas fundamentalmente no recreo, arbitrio entre os socios (tratando de someter á Sociedade aos principios da solidariedade), mútua de socorros, cultura e instrucción. A maioría destas actividades xa foron convenientemente analizadas no apartado adicado á sociedade de emigrantes da Argentina; por contra, gustaríanos tratar un pouco máis polo miúdo as actividades culturais e de instrucción, debido á maior importancia que tiveron para esta sociedade, sobre todo as educativas.

### *Cultura.*

O seu programa cultural está orientado, tanto á instrucción e formación cultural do seu asociado como a proporcionarlle diversión e entretemento. A oferta cultural é igual á de outras sociedades de emigrantes: celebran reunións varias, conferencias, veladas teatrais e demais festexos e concursos.

Pero estas son as actividades culturais que realizan en New York. As que se desenvolven en Bueu van ser fundamentalmente as mesmas que as organizadas nos Estados Unidos, a diferenza está que dende a emigración se fan envíos, máis ou menos continuos, de material diverso: revistas, folletos, publicacións varias, etc.

En 1930, o secretario do concello de Bueu solicita á Directiva da sociedade que axude a aumentar os fondos da *Biblioteca Popular* local (situada no que hoxe son as dependencias da Casa Consistorial, e que aínda conserva o seu antigo letreiro de cerámica de Manises). Finalmente, Adolfo González (ex-presidente e fundador da *Unión Cultural*) enviou -en nome da sociedade- unha cantidade de libros da súa propiedade, xunto con xornais e algunhas revistas.

### *Instrucción.*

Xa dixemos que a instrucción e a educación van ser os obxectivos fundamentais das sociedades de emigrantes. A *Unión Cultural* volve recoller ese importante proxecto que foi a creación dunha escola en Bueu.

Elaboraron un programa educativo propio, no que as clases estarían enfocada cara a formación de futuros emigrantes. Nas clases non se vai buscar só unha educación teórica, senón que tamén se pretende impartir coñecementos prácticos: ademais de literatura, ciencia ou humanística van dar unha formación que hoxe poderíamos denominar coma profesional. Os seus paisanos galegos daquel tempo eran mariñeiros ou labregos, como moito tamén canteiros ou carpinteiros de

ribeira; pero nas grandes cidades coma New York, ofrecíase traballo a cristaleiros, tipógrafos, vendedores de libros ou calquera outro tipo de oficios máis propios dunha cidade moderna e industrial que dunha aldea como poidera ser Beluso. Esta futura escola, tamén pretende evitar as incómodas situacións que estes mesmos emigrante experimentaron cando chegaron ás Américas. O choque cultural e as novidades que unha grande metrópole ofrece ao emigrante de aldea, poden facer variar as súas pautas de comportamento, e esto é o que pretende evitar a *Unión*:

*(...)enseñándole así mismo a conservarse sano y fuerte para luchar contra la adversidad, y a apartarse de los errores de la ignorancia rutinaria que menguan el desarrollo físico, arrebatan el vigor del cuerpo, de la inteligencia y del ánimo, minan las fibras del carácter y frustran el porvenir del noventa y nueve y medio por ciento de los hombres de nuestra raza.*

En poucas palabras, a *Unión Cultural* pretende evitar que o futuro emigrante de Bueu caia nos vicios do alcoholismo, o xogo, a prostitución e calquera das infeccións derivadas de esta; proporcionándolles uns coñecementos de hixiene e moral *que les pongan en actitud defensiva contra las enfermedades físicas y morales que por todas partes nos rodean, en vez de ser víctimas incautas e ignorantes.*

Todos sabemos que os principais países de chegada dos emigrantes galegos son Cuba, Argentina e Venezuela. A nova emigración que os veciños de Beluso e Bueu fan cara os Estados Unidos, leva a adoptar novas materias de estudo no programa educativo desta sociedade de emigrantes. Como é lóxico, o inglés vai ser un aparello fundamental no momento de atopar traballo en New York. Deste xeito, a intención de obter *emigrantes sobradamente preparados* levará á *Unión* a incorporar o inglés como materia docente nas escolas de Bueu (as frases necesarias para pedir traballo en non ser explotados), tratando de evitar o realizar traballos desde o asoballamento que dá a ignorancia.

### ***A realización do proxecto: situación e problemática da construción da escola no municipio.***

Aínda que a *Unión* vai a organizar unha serie de actos desde os Estados Unidos, coa intención de recadar cartos para a construción da escola, ten claro que para poder facer a de Bueu é fundamental o apoio favorable desde a Vila. Son continuas as cartas a particulares e diversas institucións locais, así como os

Manifestos aos habitantes do municipio solicitando o apoio económico. Coa intención de conseguir máis cartos, a sociedade de emigrantes pregunta polo estado en que se atopan as xestións da proxectada escola de artes e oficios *Manuela Fraguas*. Xa dixemos que o testamento de Francisco Nogueira Fraguas concedía 72.000 pesetas para que o concello xestionase a construción da escola, e os emigrantes americanos solicítanlle ao alcalde a inclusión deste diñeiro no seu proxecto, xa que a intención educativa era a mesma.

Nun principio, o alcalde manifesta que non vai haber problemas na cesión do diñeiro. Pero no mesmo 1930, o concello remite unha carta á *Unión*, dicindo que a cantidade do legado é insuficiente para a construción e mantemento da Escola. O alcalde expresa a súa intención de destinar os cartos para a compra dos terreos do edificio, pero tal proxecto non é aceptado polo Ministerio de Instrucción Pública. Así as cousas, o goberno municipal dí non saber cal será o destino deses cartos, tendo novas de varias ideas: clases de idiomas, becas para estudantes aplicados e sen recursos, fundación dunha cantina escolar, etc. O certo é que, o antigo e ambicioso proxecto da *Escola de Artes e Oficios* nunca foi levado a cabo. Hoxe sabemos que as 72.000 pesetas legadas por Francisco Nogueira desapareceron, xunto co seu albacea.

Até aquí, as numerosas tentativas para construír a tan ansiada escola foron un continuo fracaso; pero esta situación non fixo abandonar a estes teimudos emigrantes de Beluso e Bueu. En 1933, cando a *Unión Cultural* xa estaba en pleno proceso de desaparición, van conseguir levar a cabo a definitiva construción desta escola municipal.

Fan doazón dunha moi importante cantidade de cartos á sociedade de labregos *El Progreso* de Beluso: sociedade que tiña moi avanzado o seu proxecto da *Casa do Pobo*, e no que se realizarían toda unha serie de actividades societarias, formativas e culturais (biblioteca, clases de práctica agrícola, ensino primario, etc.). En vista de que o *Progreso* tiña un proxecto educativo similar ao da *Unión*, os emigrantes decidiron facer doazón de 1.794'20 pesetas para a construción e compra dos terreos. En 1937, o valor total do edificio ascendía a 4.000 pesetas, o que sitúa á doazón da sociedade de emigrantes en cáseque a metade do seu custo. Coa construción da *Casa do Pobo* de Beluso, a *Unión Cultural* vía realizado o antigo e ambicioso proxecto de construír unha escola no concello de Bueu, algo que desde 1870 non puideron lograr nin os cartos doutros emigrantes nin os numerosos proxectos do goberno de Madrid.

#### 4.Xente de Beluso que participou de xeito importante na Unión Cultural.

É seguro que estes que imos nomear non foron os únicos veciños que tiveron unha actuación destacada nas actividades da sociedade de emigrantes, pero a falta de información lévanos a poñer soamente a estes tres:

**José Novas.** Veciño de Beluso e, aínda que sin ocupar cargos directivos, participou de xeito importante nas actividades da sociedade. Fomentou a formación da Biblioteca que o *Progreso* instalou na *Casa do Pobo*, facendo doazón de libros e publicacións periódicas da *UGT* e do *PSOE*. O seu fillo, tamén chamado José Novas, fundou e presidiu a *Juventud Socialista de Beluso*; fillo que recentemente recibiu o nomeamento de *Fillo Predilecto* do concello polas súas numerosas aportacións á mellora educativa dos mozos de Bueu.

**Rogelio Soliño.** Veciño de Beluso, estivo en varias das Directivas da *Unión Cultural* e formou parte das Comisións enviadas a Bueu coa intención de construír a escola. Foi un dos que máis traballou para que os cartos da sociedade se destinasen á construción da *Casa do Pobo*.

**José de la Torre.** Nacido en Beluso. Formou parte das Directivas da *Unión*, e fixo varias viaxes á súa parroquia, facendo de enlace entre a sociedade de New York e o *Progreso*. José de la Torre, foi o home encargado pola Directiva de entregarlle á sociedade de labregos os cartos que a de New York doaba para a *Casa do Pobo*. Tanto o enterro de de la Torre como o de Rogelio Soliño, foron os dous primeiros de carácter civil que se celebraron na parroquia de Beluso: non houbo curas, pero sí unha banda de música que acompañou á comitiva fúnebre; tanto nun como noutro enterro, os féretros ían cubertos coa bandeira republicana, baixo a petición expresa dos defuntos.

#### 5.Disolución e remate das actividades societarias.

Non sabemos seguro cando se disolveu definitivamente esta sociedade de emigrantes, pero o certo é que, a finais de 1933, xa era unha institución totalmente



desaparecida. As actividades da *Unión Cultural* (1929-1933), aínda que relativamente breves, foron as que maiores beneficios aportaron para o concello de Bueu en xeral, e Beluso en particular. A única, das tres sociedades de emigrantes do concello, que logrou cumprir o seu obxectivo de construír a tan pretendida escola municipal, aínda que finalmente fose dun xeito compartido co *Progreso*. Deste xeito, conseguiron que os nenos de Beluso disfrutasen dunha educación e coñecementos que eles non recibiron nunca.

Da mesma maneira, descoñecemos as causas de disolución da sociedade, sendo máis que posible que a falta de cartos, o retorno dos socios e as dificultades atopadas para poñer en práctica os seus proxectos educativos, se constituísen en razóns suficientes para a súa desaparición.

## Bibliografía e fontes

### Xornais e Publicacións Periódicas:

1. *El Pueblo Gallego* (Vigo), 1929-1936.
2. *Faro de Vigo* (Vigo), 1929-1933.
3. *España Nueva. Revista Mensual Ibero-Americana*. (New York). Nº45, abril de 1929.
4. *El Adelanto de Bueu* (Bueu), 1912-1913.

### Fontes Impresas:

1. *Copia del acta de la entrega del donativo que la disuelta sociedad "Hijos de Bueu, Beluso y su Contornos en New-York" hace a la de "Agricultores El Progreso" de Beluso.* - en el Ayuntamiento de Bueu de la Provincia de Pontevedra. - España. - "Bueu, 29.3.1933.
2. *Estatutos de Hijos de Bueu en América*. Argentina, 1924. 16 páxinas.
3. *Gran Xantar de Unidos del Ayuntamiento de Bueu. Con motivo del XV Aniversario de su fundación y para conmemorar las fiestas patronales de San Martiño*. Buenos Aires, 13.11.1938. ( Invitación para a celebración das festas patronais de Bueu. 1938.).
4. Invitación para a festa de San Martiño. *Hijos de Bueu en América*. Buenos Aires, 10.11.1968.
5. *Llamamiento a los Hijos de Bueu, Beluso y sus Contornos. Como debeis ayudarnos. Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos*. New York,

- ayudarnos. *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos*. New York, 1.6.1930.
6. *Manifiesto de la Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos*. New York, 1929.
7. *Unidos del Ayuntamiento de Bueu. Memoria y Balance General Correspondiente al Ejercicio 1932-1933*. Buenos Aires.

Fontes Manuscritas Inéditas:

1. Carta de Manuel Touza a Francisco Domínguez. New York, 12.6.1930
2. Carta do alcalde de Bueu á *Unión Cultural de Bueu, Beluso y Sus Contornos*. Bueu, 17.7.1930.
3. Carta da *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos* ao alcalde de Bueu. New York, 8.8.1930
4. Carta da *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos* ao Secretario do concello de Bueu. New York, 8.8.1930.
5. Carta de varios veciños da vila dirixida ao alcade de Bueu, 23.10.1931
6. Carta da *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos* a José de la Torre. New York, 26.11.1931.

Arquivos:

1. Arquivo Municipal de Bueu
2. Arquivo Personal de Arturo Sánchez Cidrás.
3. Arquivo Personal de Xosé Manuel Millán Otero.

Bibliografía Xeral e Específica:

1. Álvarez Pérez, J.R e Millán Otero, X.M. *A Sociedade de Agricultores "El Progreso" de Beluso (1931-1936). Unha experiencia de asociacionismo agrario*. AA.VV. O Progreso de Beluso. Vigo, 1997.
2. Estévez Castro, J.M. *Reconocer Bueu*. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra, 1996.
3. Fernández, M. e Villares Paz, J.R. *Historia da emigración galega a América*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 1996.
4. Núñez Seixas, X.M. *O Galeguismo en América, 1879-1936*. Edicións do Castro. Sada, 1992.
5. Núñez Seixas, X.M. *Emigrantes, caciques e indianos*. Xerais. Vigo, 1998.

## **CARMEN MENUÑÍA FERRADÁS.**

Asimesmo, gustaríanos facer un agradecemento especial a Carmen Menduiña Ferradás (máis coñecida en Beluso como *Carminiña de Bastián*).

Nacida na nosa parroquia en 1946, Carmen é un claro exemplo dos grandes artistas que pasan practicamente inadvertidos no seu entorno máis inmediato, e que sen embargo se lles recoñece todo o seu traballo e valor artístico noutros lugares.

Iníciase no arte da talla escultórica cara 1988 (influenciada polo seu pai

*Festa dos Mozos 1999*

carpinteiro), para máis tarde dar o salto a técnica do grabado e formando parte do Grupo Taller Abracadabra (Vigo): grupo ao aínda hoxe pertence e co que colabora nas continuas exposicións que organiza. Dentro do grabado, Carmen Menduiña inclínase polas técnicas de linoleografía e xilografía: traballos que se realizan sobre un debuxo reducido sobre linóleo (superficie manexable semellante ao plástico) e a madeira.

